




Outros mercados son posíbeis?

Un proceso creativo para a reflexión estratéxica do sector musical
baseado no Laboratorio de innovación cultural de **e-cultura**

17 e 18 de decembro
Pazo da Cultura de Pontevedra



ÍNDICE

A REDE

A AXENDA

OS PARTICIPANTES

O PROCESSO

Inmersión

Futurización

Prototipado



A REDE

Cantos na Maré Rede é un foro interactivo que naceu en 2007 como un primeiro paso cara á materialización dun tecido de cooperación que unise os axentes, os artistas e o público da música da Lusofonía. Daquel primeiro encontro xurdiron proxectos como Aló Irmao ou o MACC (Mercado Atlántico da Creación Contemporánea), o que propiciou a celebración dunha segunda edición. No 2008, máis de 40 profesionais de distintas procedencias compartiron unha atmosfera de complicidade e camaradería que favoreceu o establecemento de relacións profesionais baseadas na cooperación, na co-creación e no intercambio.

Neste 2010 caracterizado pola omnipresencia da crise económica, CNM Rede rexorde coa vontade de resituarse o concepto de mercado no centro do debate sectorial e social. O mercado non é só nin en esencia un instrumento de especulación global, alleo e ingobernable. Centro do comercio, da cultura e da política, o mercado foi o lugar no que historicamente se tramaron os cambios na época de crise. Por iso, nun momento de fonda desorientación social e financeira, cómpre repensar os mercados culturais, até o de agora baseados na oferta de produto, e analizar cales son as verdadeiras necesidades do sector e cal é a mellor maneira de darlles resposta. É esencial definir e prototipar un novo modelo de encontro, que detecte necesidades e debilidades ao tempo que identifica oportunidades e formula alternativas.

As experiencias baseadas en facilitar espazos de encontro, como o propio CNM Rede, indican un posible camiño a seguir. Un camiño de cooperación que prima os enfoques e ecosistemas con capacidade para impulsar novos modelos sociais e produtivos, tamén nun sector como o da cultura e, nomeadamente, na música. O obxectivo de CNM Rede 2010, no que se darán cita dúas dúzias de profesionais e prescriptores do sector musical, é analizar estas e outras experiencias, buscando a coherencia coas liñas de recuperación económica, a innovación e, sobre todo, a potencialidade de cada un destes modelos para se converter en instrumentos eficaces para a creación, produción, distribución e exhibición de produtos artísticos e culturais.

A AXENDA



Venres 17

- 16.30 - 17.00** Pazo da Cultura. Chegada dos participantes.
21.30 - 23.30 Pazo da Cultura. INMERSIÓN Buscar. Mirar. escoitar... Problemas. Oportunidades Mergullarse. Intervir. Recoller... Información. Datos. Elaborar, antes de suxerir propostas

Sábado 18

- 11.00 - 13.00** Pazo da Cultura. FUTURIZACIÓN. Visualizar escenarios futuros. Escenarios de oportunidades. E propoñer ideas que nos acheguen a esa imaxe. Que resolvan os problemas detectados. Que aproveiten as oportunidades descubertas.
13.00 - 14.00 Pazo da Cultura. PROTOTIPADO. Documentar a experiencia. Construír un modelo que reproduza o futuro albiscado
14.00 - 16.00 Pazo da Cultura. Xantar colectivo con todos os asistentes a CNM Rede e intercambio de agasallos
16.30 - 17.00 Pazo da Cultura. Presentacións das conclusións.
21.00 - 23.00 Auditorio Pazo da Cultura. <http://www.cantosnamare.org>. O brasileiro Lenine, un dos músicos máis admirados da escena brasileira das últimas décadas, é unha das propostas máis destacadas dunha edición na que tamén participan Guadi Galego, co seu achegamento contemporáneo á música galega de raíz; o portugués António Zambujo, o último renovador do fado; e a angolana Aline Frazão, que será o gran descubrimento desta edición. Catro das voces máis persoais da música actual tende pontes entre os países de fala portuguesa na oitava edición de Cantos na Maré, Festival Internacional da Lusofonía. Unha produción de Nordesía, organizada polo Concello de Pontevedra, co patrocínio da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Xacobeo, e coa colaboración de Caixanova, o Instituto Camões, Ponte... nas Ondas! e a Asociación de Intérpretes y Ejecutantes (AIE).

OS PARTICIPANTES

Aitana Cuétara

Programadora cultural da Casa das Crechas
aitanacrechas@gmail.com

Ana Carvalho

Directora da Agência das Indústrias Criativas
da Região Norte de Portugal (ADDICT)
info@addict.pt

Antón Martínez

Director de Transeurope Music Network
Alemaña
info@endirecto.de

Antonio Vizcaya

Director de Mirmidón e do Festival Tránsitos
Canarias
proyectos@mirmidon.es

Carlos Seixas

Director do Festival Músicas do Mundo de Sines
Portugal
info@fmm.com.pt

Claudia Goes

INET - Instituto de Etnomusicologia da
Universidade Nova de Lisboa
saravacenacultural@gmail.com

Edu Louzada

Organizador do festival Espírito Mundo
Brasil
edu_louzada@hotmail.com

Fernando Luaces

Director de Boa Music
fernando.luaces@boa.es

Francisco Javier Viéitez

Vicepresidente de AGEM e socio de Nordesía

Frederick Mohen

Etnomusicólogo
fjm6810@nyu.edu

Joaquín Martínez Silva

Presidente de AGEM. Director de Esmerarte Servi-
cios Artísticos
kin@esmerarte.com

Jordi Gratacós

Music Bureau Export (Francia)
jordi@bamwam.com

José Aldea

Director executivo de Ouvirmos
aldea@ouvirmos.com

José Rui

Universidade de Maputo (Mozambique) /
ACERT Tondela (Portugal)
zeruimartins@gmail.com

KK Mamoni

Director da Feira da Música do Brasil

Luanda Cozetti

Cantora brasileira afincada em Lisboa
acozetti@yahoo.com.br

Margarida Antunes

Instituto Franco – Português
margarida.silva@ifp-lisboa.com

Marta Dobosz

Directora de programación Cross Culture Festival
de Varsovia (Polonia)
marta.dobosz@festival.warszawa.pl

Montse Portús

Directora executiva do Mercat da Música Viva de
Vic (Cataluña)
portusfm@vic.cat

Olga Nogueira

A Central Folque
promotion@folque.com

Patricia Hermida

Mare Produccións
hermida@mareproduccion.com

Roi Maceda

Zouma Records

Samuel Rego

Director Instituto Camões en Vigo
rego.samuel@gmail.com

Sergio Lago

Lonxa Cultural
sergio.lago@falcatruada.com

Frederick Mohen

Etnomusicólogo
blanco@nalgures.com

Xurxo Fernández Martins

Instituto Cultural Brasil-Galiza na Casa do Brasil da
cidade de Madrid
xurxo.fm@gmail.com

O EQUIPO

Coordinación xeral: **Vítor Belho**
Creador de Cantos na Maré e socio de Nordesía
vbelho@nordesia.com

Produción executiva: **Quique Costas**
Director de Cantos na Maré
quiquecostas@nordesia.com

Coordinación dinamización: **Alberto García**
Socio de Nova Xestión Cultural
alberto@novaxestioncultural.com

Contidos: **Sonia Díaz**
Comunicación cultural
emereci@gmail.com

Comunicación Nordesía: **Moisés Álvarez**
Comunicación cultural
malvarezjorge@gmail.com

Deseño e rexistro gráfico: **Xavier Belho**
www.xavierbelho.com
xavierbelho@gmail.com

Produción: **Ana Cunqueiro**
Coordinadora de proxectos e xestión de eventos
anacunqueiro@gmail.com

O PROCESO

INMERSIÓN É...

**Buscar. Mirar. escoitar... Problemas. Oportunidades
Mergullarse. Intervir. Recoller... Información. Datos.
Elaborar, antes de suxerir propostas**


En Galicia, nos últimos meses, tres mercados culturais con perfís ben diferenciados compartiron espazo, axentes e obxectivos: o Mercado Atlántico de Creación Contemporánea, a Feira das Artes Escénicas e o Culturgal. Tres modelos que achegan visións diferentes e complementarias, tres experiencias que apuntan ideas e perspectivas que compre analizar como punto de partida para un futuro compartido. Na primeira sesión de traballo, os participantes no encontro mergulláranse nestas e outras propostas de mercado cultural.

1. Mirando os mercados musicais:

- Contexto económico e xeográfico
- Axentes, evolución da cadea de valor nos últimos anos
- Eivas na análise das necesidades dos profesionais
- Obxectivos de cada elo da cadea, métodos de rendibilización da presenza en mercados
- Importancia do potencial relacional

2. Analizando cal é o papel que lle atribuímos aos espazos de encontro:

- Ampliación do mercado
- Mellora da forma de traballo
- Incorporación de novos modelos de negocio
- Establecemento de acordos




FUTURIZAR É...

**Visualizar escenarios futuros. Escenarios de oportunidades
E proponer ideas que nos acheguen a esa imaxe. Que resolvan os problemas detectados.
Que aproveiten as oportunidades descubertas.**

A experiencia de Cantos na Maré pon de manifesto a necesidade que ten o sector cultural global de habilitar instrumentos que faciliten a cooperación de axentes creadores, produtores e distribuidores de produtos e servizos. No caso de CNM, esta cooperación tense circunscrito a territorios que comparten un marco lingüístico, o da lusofonía. Porén, a lingua non é un fin en si mesmo, senón un punto de partida, unha plataforma común que facilita o encontro e o entendemento, unha ferramenta máis para a construción de dinámicas e actividades produtivas de futuro. Así, entendemos que, sen renunciar ao contexto lusófono, Galicia pode xogar un papel fundamental na construción dun espazo de encontro de dimensión atlántica, atendendo ás fondas raíces históricas e culturais que nos unen a outros territorios atlánticos, nomeadamente, a Latinoamérica.

Cremos que o futuro dos mercados culturais galegos pode estar, entón, na construción dun espazo de encontro no que os distintos axentes do sector poidan compartir proxectos, difundir ideas e imaxinar xuntos novos procesos de traballo, xerando alternativas ao modelo actual.

Estamos seguros de que da conexión entre as distintas experiencias dos participantes no encontro CNM Rede 2010 xurdirán as necesidades, os problemas, os obxectivos e as oportunidades que nos axudarán a definir este ou calquera outro modelo de mercado de futuro para o sector. A iso dedicaremos a segunda sesión de traballo.



PROTOTIPAR É...

Documentar a experiencia. Construir un modelo que reproduza o futuro albiscado.

Finalmente, o derradeiro encontro debe servir para construír ese modelo de mercado cultural que o sector está demandando. Un modelo que responda ás súas necesidades actuais, que cumpla con eficiencia os obxectivos trazados e que axude, ademais, a trazar camiños futuros. Algunhas das claves que haberá que observar nesta etapa do proceso son:

Innovación e orixinalidade

Definición estratéxica

Capacidade dinamizadora

Vocación atlántica

Conexión transversal: especialización ou multidisciplinariedade?

Creación dunha rede de distribución de ideas

**Outros mercados son posibles e construílos está nas nosas mans.
Só temos que permitirnos imaxinalos**